

TERMOS DO SÉCULO XIX. Tema 5



Afrancesados: reducido grupo de españois que apoiou a Xosé I Bonaparte nas tarefas de goberno. Consideraban que o reformismo autoritario francés era o único medio para lograr a renovación e o cambio en España. Ao finalizar a Guerra de Independencia foron perseguidos e moitos se exiliaron a Francia.



Abdicación de Baiona: renunciias sucesivas, acontecidas na cidade francesa de Baiona en 1808, de Carlos IV e seu fillo Fernando VII ao trono de España en favor de Napoleón Bonaparte, quen pouco despois cedeu eses dereitos ao seu irmán, que reinou con nome de Xosé I Bonaparte.



Cantonalismo: modelo de organización territorial que defende a creación dun Estado composto por unidades políticas territoriais soberanas —os cantóns— que mediante acordos libres (“de abaixo arriba”) se unen formado a federación española. En 1873, durante a Primeira República, os seus partidarios protagonizaron insurreccións cantonalistas, destacando a de Cartaxena, que foron sufocados polo exército.



Estatuto Real: nome que recibe o Decreto de 1834 polo que a raíña rexente María Cristina de Borbón convocaba as Cortes do reino de España. Polo seu contido, considérase como unha “carta outorgada” xa que a Coroa renunciaba a manter en exclusiva o poder admitindo unha ampliación da participación política en beneficio das clases posuidoras, pero conservaba en exclusiva a soberanía e non recollía a separación de poderes ni dereitos dos cidadáns.




Manifiesto dos Persas: documento que presentaron en 1814 deputados absolutistas a Fernando VII tras o seu retorno do exilio en Francia, solicitándolle a abolición dos decretos promulgados polas Cortes de Cádiz e a Constitución de 1812, así como a restauración do Antigo Réxime. O monarca atendeu as peticións restablecendo o absolutismo.



Manifiesto de Sandhurst: documento elaborado por Cánovas del Castillo e asinado, en decembro de 1874, por Alfonso de Borbón, fillo e herdeiro de Isabel II, na academia militar inglesa de Sandhurst, onde estudiaba. Neste manifiesto indicaba a necesidade de restaurar a monarquía borbónica en España, presentándose como un rei respectuoso co sistema liberal constitucional e defensor da orde social e a relixión católica.



Pragmática sanción de 1830: disposición promulgada por Fernando VII que anulaba a coñecida como Lei Sálica, aprobada por Felipe V, que impedía acceder ao trono ás mulleres. Esta medida supuxo a exclusión do irmá do rei, o infante Carlos de Borbón, do trono de España, e converteu a filla de Fernando VII, a futura Isabel II, en herdeira.



Pronunciamento: levantamento de parte do exército, contando co apoio dun determinado sector da sociedade, que “se pronuncia” a favor do cambio do sistema político vixente. Foron frecuentes os que defendían o liberalismo fronte ao absolutismo de Fernando VII e os que defendían o liberalismo progresista fronte ao conservador no reinado de Isabel II.



Sufraxio censatario e universal: o sufraxio é o dereito político que permite elixir, mediante o voto, aos cargos públicos electos. O censatario limita este dereito aos cidadáns incluídos no censo en función dun determinado nivel económico e social, mentres que o universal soamente establece a condición para votar da maioría de idade. En España, o censatario foi defendido polos liberais e o universal polos demócratas. A Constitución republicana de 1931 estableceu o dereito de voto das mulleres.



Tratado de Valençay: acordo de paz asinado en 1813 nesa cidade francesa polo que Napoleón aceptaba a suspensión das hostilidades, o retorno de Fernando VII ao trono de España, a devolución dos territorios ocupados e a renuncia de Xosé I. Tanto as tropas francesas como británicas debían abandonar España finalizando así a Guerra de Independencia.



Unión Liberal: partido político fundado en 1858 polo xeneral O'Donnell que agrupaba á esquerda moderada, á dereita progresista, e numerosos militares. Partidarios da monarquía constitucional de Isabel II gobernaron de 1858 a 1863 e de 1865 a 1866, destacando as campañas de prestixio militar que desenvolveron no exterior.